



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO GEN PLUS PARA A ORGANIZACIÓN DE DOUS OBRADOIROS DE TRABALLO SOBRE A REDIFINIÇÃO DA POLÍTICA FISCAL E A ESTABILIDADE FISCAL NO ÁMBITO AUTONÓMICO.

O director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e maila a Asociación sen ánimo de lucro GEN PLUS teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á Asociación GEN PLUS para organizar dous obradoiros de traballo sobre a:

- redifinición da política fiscal autonómica en España no que se analizará o Fondo de Compensación Interterritorial e novas vías de recuperación de esforzos endóxeos para o desenvolvemento rexional.
- a estabilidade fiscal no ámbito autonómico no que se estudarán, entre outros temas, os actuais criterios de reparto do déficit e os fondos de estabilización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que existe interese público en que o novo modelo de financiamento autonómico que se deseñe responda á realidade galega e ás súas necesidades por canto del vai depender o futuro económico desta Comunidade Autónoma así coma o nivel de benestar dos galegos e galegas. Para esta consellería son, pois, de gran utilidade todas as liñas de investigación, estudos, obradoiros de traballo e informes que versen sobre este tema.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á



natureza estritamente convencional toda vez que a consellería non vai percibir ningunha contraprestación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado